

XXIV Premio de Investigación 2023

Xesús Ferro Counelo

1^a Modalidade:

TEMA

Os traballos de investigación presentados circunscribiranse ao ámbito galego, dentro da especialidade da Etnografía, Paleografía, Numismática, Arqueoloxía, Historia ou Historia da Arte.

TRABALLOS

Cada autor/a poderá presentar cunha ou máis obras.

Os traballos presentados deberán estar escritos en lingua galega, ser inéditos e non ter obtido ningún premio anteriormente neste concurso ou en calquera outro.

Os traballos deberán ter unha extensión dun mínimo de 50 e un máximo de 300 páginas.

PREMIO: O Premio estará dotado con 4000 euros.

2^a Modalidade:

Na 2^a Modalidade, o XXIV Premio de Investigación Xesús Ferro Counelo convoca 1 bolsa de estudos.

TEMA

Os proxectos centraranse en estudos Históricos, Etnográficos ou sobre Persoeiros do Concello de Valga.

TRABALLOS

As persoas participantes presentarán un guión razoado onde se detallará:

- Os obxectivos que se pretenden acadar co traballo.
- A metodoloxía que se vai empregar.
- As distintas fases de realización do traballo coa temporalización de cada unha das fases.
- Calquera outro contido que se estime oportuno para a valoración do proxecto.

PREMIO

Esta bolsa estará dotada con 3000 euros. O 25% da bolsa entregarase unha vez fallado o premio e o 75% restante ao remate do traballo.

CONDICIONANTES

O xurado fará un seguimento do desenvolvemento do traballo premiado, podendo anular en calquera momento a concesión da bolsa se non se cumprisen as fases de realización ou os obxectivos presentados.

Bases comúns a ámbalas dúas modalidades:

PRESENTACIÓN

Os traballos presentaranse baixo lema.

Entregaránse 5 copias tamaño A4, con fonte Arial tipo 12 e interlineado simple.

Os traballos teñen que presentarse baixo lema, que tamén figurará no exterior da plica onde se incluirán o nome e apelidos, enderezo, teléfono do/a autor/a.

ENVÍO: Os traballos dirixiranse ao **Rexistro de Entrada do Concello de Valga**

**Avda. da Coruña, nº14
36645 Valga (Pontevedra)**

PRAZO DE ENTREGA

O prazo de presentación de traballos será ata o día 25 de abril de 2023.

XURADO

O xurado estará constituído por catro especialistas no campo da investigación, designados pola Comisión de Cultura do Concello, que se reservará para si a Presidencia e a Secretaría. O/A Secretario/a terá voz, pero non voto.

A composición final do xurado farase público na páxina do Concello de Valga www.valga.gal e en medios de comunicación.

FALLO

O fallo, nas dúas modalidades, darase a coñecer a finais de xullo de 2023.

PUBLICACIÓN

O Concello de Valga resérvase o dereito de publicación.

FINAL

O xurado, se o considera pertinente, poderá dividir o premio, concedéndollo como máximo a dúas obras. Poderá declararse deserto, sempre que os traballos non acaden a calidade deseable.

As obras premiadas quedarán en poder do Concello de Valga. As non galardoadas poderán ser retiradas persoalmente polos/as seus/súas autores/as no prazo dun mes a partir do fallo do xurado.

A Comisión Informativa de Cultura do Concello estará facultada para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir da interpretación destas Bases.

O feito de concursar obriga aos/ás autores/as a aceptar as bases desta convocatoria.


Para ver as bases completas visite valga.gal

Información:



Concello de Valga

Departamento de Cultura
Telf. 986 55 94 56
36645 VALGA (Pontevedra)
concello.valga@eidolocal.es
www.valga.gal



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



**XUNTA
DE GALICIA**